

**PALABRAS DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJOO,
PRESIDENTE DE LA XUNTA DE GALICIA**

Premio Fernández Latorre

LIII EDICIÓN

Señor presidente de La Voz de Galicia, autoridades presentes, señoras e señores.

Hai biografías que son mais elocuentes que o mellor dos discursos.

Hai vidas que conteñen valores e exemplos que un discurso só pode expresar con palabras. Premiamos a un home, a un galego, que dende o seu traballo recollido, contribúe a engrandecer o seus país, e fai que nos sintamos orgullosos de compartir con el a nosa paisanaxe. Faino ademais sen concesión algunha á fama. El mesmo confesa que lle produce <desacougo> ser obxecto de piropos e galardóns.

Aínda respectando a súa modestia, eu debo dicirlle a don Angel Carracedo que os galegos coma el teñen unha obriga suplementaria coa súa comunidade.

Porque son a representación dun galeguismo imprescindible que necesita ser coñecido e recoñecido por todos. Agora que o pesimismo se estende por moitos sectores sociais, traxectorias como as do profesor Carracedo son faros que alumean o camiño. Trátase dun galeguismo de feitos e actitudes, que non se laia senón que actúa, que cree no futuro e non se resigna diante das adversidades.

Ninguén podería dicir hai uns anos que en Galicia estaría un dos centros de referencia mundial da medicina xenómica. Para os pesimistas do pasado, a

xente coma o profesor Carracedo era unha ilusa que pretendía enfrontarse ao sino que nos condenaba á irrelevancia científica. **Con todo ese pesimismo, nin as súas investigacións, nin os moitos logros que acadou o noso país, tiveran sido posibles.** En cada encrucillada histórica, prodúcese unha loita entre os que se renden ás circunstancias e os que queren cambialas. Grazas a que don Juan Fernández Latorre, no lonxe 1882, formaba parte dos que querían cambialas, Galicia dispón dun grupo de comunicación como o que hoxe nos volve a acoller un ano máis.

O destino dunha comunidade depende de quen se impoña nesa loita crucial. Don Angel Carracedo milita nese galeguismo construtivo que existiu en todas as épocas da nosa historia, e que existe tamén nesta. **Cómpre que os galegos que se esforzan nas súas tarefas cotiáns, que traballan arreo no seu cometido, saiban que non están sos.** Teñen que saber que hai compatriotas co mesmo anxeio, e que todos xuntos formamos unha maioría capaz de sinalar o rumbo.

Todos xuntos. Velaí outra lección que se extrae da biografía do laureado. El é un home que forma equipos. A materia que estuda precisa cooperación, e non é posible con egoísmos. A dispersión de esforzos, os pleitos vanos, os torpes personalismos, son atrancos nun traballo de investigación que está destinado en

última instancia ao ben común. O paralelismo é evidente. **O ben común das sociedades depende tamén da capacidade dos seus integrantes para actuaren como un equipo.** Nunha sociedade que actúa así, as potencialidades non se suman, senón que se multiplican, como advertía Concepción Arenal.

Señoras e señores. Moitos dos que estamos aquí temos sido testemuñas de dúas transicións exitosas. A primeira fixo posible que unha España de ditadura, se convertera nunha democracia exemplar, malia os augurios de todo tipo. Aquela nación sometida tanto tempo á privación das liberdades, érguese, anda e sitúase axiña entre as grandes democracias do mundo. A segunda gran transición prodúcese en Galicia, e permítenos deixar a condición de pobo sen institucións, para procurarnos un autogoberno que da cabida a todos os pensamentos. Dende entón, a nosa terra conta con ferramentas para ser partícipe de si mesma.

Pois ben; creo que hoxe está agardando unha terceira transición.

A transición das mentalidades. O sentido deste cambio está implícito na célebre invocación do presidente Kennedy, cando pedía aos seus conciudadáns que se preguntaran qué podían facer polo seu país. **No mundo que nos toca vivir, hai unha dobre dirección nos deberes.** O país ten deberes

que cumprir cos cidadáns que o integran, e os cidadáns teñen deberes que cumprir co seus país. **Esa transición implica, en suma, unha sociedade con dereitos e deberes.**

Galicia non pode ser allea a esta transición. O primeiro requisito para culminala con éxito é a superación dos individualismos persoais, locais e corporativos. **Nun entorno global, só pode competir unha Galicia global.** Formamos un país que se fai mais pequeno cando se divide, e se engrandece cando se agrupa. **Facer de Galicia unha tarefa común, como tantas veces pediron os galeguistas, deixa de ser unha opción para converterse nunha obriga urxente.**

¿Cómo se pode dar resposta a esta obriga? Dende a responsabilidade de cadaquén, e tamén dende a política e o xornalismo. Cando alguén, en ton pesimista, se pregunta polo futuro da política ou o futuro do xornalismo, eu respondo que ese futuro está ligado intimamente ao da democracia. A democracia moderna está vencellada ao

nacemento da política baseada no diálogo, e tamén ao xurdimento dos primeiros medios de comunicación. **Democracia, política e xornalismo son os tres vértices que configuran a convivencia.**

Nesa transición das mentalidades, o papel da política e dos medios de comunicación é insubstituíble. Sen a contribución dos dous, será difícil lograr esa nova conciencia social que reivindicque conceptos medio esquecidos como ben común, interese xeral ou acción colectiva. Non se trata de que a sociedade se faga homoxénea. Tampouco de activar un imposible pensamento único. **Significa atopar puntos de encontro en cada dificultade que apareza no camiño.**

Eses puntos de encontro xa se atopan na sociedade galega, a pouco que prestemos atención ao movemento que bule por baixo das aparencias. Xente como don Angel Carracedo non é unha excepción no noso país. **En cada sector, en cada colectivo, en cada territorio, son maioría os que se**

senten partícipes dunha empresa común. Temos que darlles voz, reivindicalos, facer que a súa enerxía non se desaproveite porque deles depende que fagamos o futuro ou que nolo fagan.

Premiamos a un home que soubo crear e manter un espírito colectivo. Estamos nunha casa que atesoura memoria de Galicia, e que é, así mesmo, gran protagonista da historia galega. **Son dúas probas de que este país noso ten forza dabondo para erguer realidades que desafían ao tempo.**

Necesitamos mais que nunca que esa forza se manteña viva. Moitas grazas.